

MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

CURSO 2022-2023

MESTRA ESPECIALISTA	YOLANDA ALLEGUE CHAO
---------------------	----------------------

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos razón da programación non impartida.

A nivel xeral, seguimos traballando en base á práctica e teoría musical.

A programación foi impartida practicamente na súa totalidade xa que na área de educación musical moitos dos contidos se traballan ao longo de toda a etapa en diferente profundidade. Houbo algúns que se trataron menos polo miúdo debido a diversas situacións (excursións, obradoiros...), nos que se fará especial fincapé o curso que vén.

Tendo en conta a adaptación dos contidos para que resultasen asequibles para eles/as, todos os nenos/as acadaron os contidos mínimos, os obxectivos propostos e as competencias clave.



B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

Como música é unha materia eminentemente práctica, non utilizamos libros.

Os nenos de 1º a 4º poden utilizar a aula virtual en momentos puntuais (se teñen que repasar apuntes, practicar algún vídeo titorial que lles podo subir...)

No caso de 5º e 6º en vez da aula virtual, é con E- dixgal.

En educación infantil:

Educación infantil é a etapa de iniciación á música. As sesións programáronse dun xeito lúdico, con xogos e actividades curtas e dinámicas, basadas fundamentalmente na escoita atenta, as cualidades do son, a exploración das posibilidades sonoras da voz (a través de xogos coa voz, sons e cancións sobre as distintas épocas e festividades do curso, xogos de desenvolvemento auditivo...) do corpo (traballando a expresión corporal a través de xogos de movemento, de coordinación, orientación espacial, danzas sinxelas...) e os instrumentos (a través dos instrumentos de pequena percusión dos que dispoñemos na aula, a súa clasificación, a súa diferenciación tímbrica...).

Así mesmo fomos introducindo algún termos musicais por medio de xogos para que, no paso á primaria, o salto de contidos sexa o menos distante posible.

As actividades foron realizadas con éxito na maioría dos grupos, aínda que nalgúns con máis dificultade que noutros, debido ao número de alumn@s ou a que algún grupo era un pouco máis activo que outro.

A música foi ben recibida polos nenos/as e intentarei desenvolver ao máximo o seu potencial musical.

Este curso tiveron a sorte de poder seguir contanto coa aula do andar onde se atopan as clases de infantil, 1º, 2º e 3º de primaria. Puiden habilitala como aula de música para os cursos dese andar, favorecendo así a seguridade (ao non ter que subir dous pisos c@s pequen@s de infantil para chegar á aula de música), a calidade das sesións (ao dispoñer dun espazo adecuado para desenvolver todas as actividades), o aproveitamento do tempo (ao estar no mesmo andar e non perder o tempo de subir e baixar á aula)..

Seguín engadindo algún material a maiores.



Agradezo enormemente que se me facilitase ese espazo e espero poder seguir contando con el mentres sexa posible, xa que favorece en moitos sentidos o desenvolvemento das miñas clases de música.

Foi un curso moi ben aproveitado, pouco a pouco fomos adaptándonos ao ritmo das clases, ás normas de convivencia e actitude e creo que tanto @s nen@s coma eu disfrutamos das sesións de música.

En educación primaria:

Ao igual que en Educación Infantil, en educación primaria, a área de música é maioritariamente práctica, utilizando estratexias metodolóxicas xeralmente afastadas do pupitre, agás en momentos puntuais nos que se requería un traballo por escrito dos contidos traballados..

En xeral, valoran positivamente a área de música, aínda que polo tipo de contidos e o tempo de clase, non lle dan a mesma importancia académica que a outras materias.

Sigo e seguirei tratando de inculcar o respecto e a responsabilidade de cara á educación musical, ensinándolles as vantaxes que pode ofrecerlles a música tanto na aula coma na súa vida cotiá, mostrándolles que se pode aprender dun xeito lúdico pero que, ao igual que nas demais materias, tamén son necesarios un mínimo de esforzo e responsabilidade. Só con isto, se poderán ir propoñendo pouco a pouco obxectivos máis ambiciosos, xa que por aptitude e actitude de cara á materia creo que en xeral, poderían acadalos.

Seguimos avanzando nos contidos que traballamos, pero sobre todo nos nenos/as máis maiores, aínda se nota a falta de conceptos musicais básicos que afectan a aspectos como por exemplo a lectura rítmica, melódica ou a práctica instrumental. Porén, nótase tamén que están acostumados á práctica musical polo pouco a pouco vai sendo máis doado adquirir estes conceptos.

Houbo ocasións con algún grupos nas que non foi doado levar a cabo un desenvolvemento óptimo da sesión, xeralmente nas aulas máis activas e numerosas por falta de actitude, tendo que modificar e incluso algunha vez suspender as actividades grupais ou máis movidas e traballar eses contidos con actividades máis relaxadas, de forma individual, escrita ou incluso algunha vez no pupitre.



Porén, a miña sensación é que aínda que todo é mellorable, segue habendo un progreso positivo no desenvolvemento das sesións.

Intentarei seguir inculcando o respecto cara área de música, buscando máis estratexias metodolóxicas co fin de poder levar todos os grupos con normalidade e que poidamos seguir aprendendo música dun xeito lúdico, favorecendo a comunicación entre todos/as.

A nivel musical, traballamos arredor da escoita, a práctica instrumental e o movemento e danza. Todo isto, aprendendo, repasando e afianzando contidos, aumentando o nivel de dificultade segundo os cursos van avanzando.

Fixemos actividades e xogos musicais con material diverso (vasos, paus chineses, panos, aros, cadeiras, pentagrama de chan, instrumentos, bonecos, tarxetas, etc...).

Fixemos actividades e xogos de discriminación auditiva, relación entre a música coas emocións, interpretación de cancións con xestos, acompañamento instrumental, percusión corporal...

Traballamos o movemento con xogos de dramatización, danzas, invención de coreografías, improvisacións..

Tamén empregamos medios audiovisuais (con preparación de lecturas rítmicas, información e xogos a través de vídeos e presentacións, etc...)

Fixemos práctica instrumental a través de imitación, interpretación, improvisación... cos instrumentos da aula (de infantil a 3º cos instrumentos de percusión de altura indeterminada) e de 4º a 6º engadimos tamén os instrumentos de placas. Como este curso a situación sanitaria foi con normalidade, podemos retomar a fruta a partir de 3º.

Por último, aproveitamos as características da actividade musical para traballar obxectivos actitudinais, aos que demos moita importancia: o traballo colectivo, o esforzo individual para o logro común, o respecto aos compañeiros, o disfrute dos resultados que da a entrega ao traballo, a capacidade de escoita activa, a superación dos erros de forma positiva, a aceptación das propias posibilidades tendo unha actitude activa de mellora, a colaboración e a cooperación ou a boa relación con nenos/as de outras idades entre outros...

Máis polo miúdo, nos primeiros cursos traballamos conceptos básicos de cualidades do son, entoación, pulso e acento. Aprendemos as profesións relacionadas coa música, a relación entre a música e as emocións. Interpretamos cancións, acompañamos algunhas con xestos, instrumentos de percusión ou danza.



Fixemos danzas, audicións activas, xogos de discriminación auditiva. Discriminamos auditivamente o timbre de sons da vida cotiá e dos principais instrumentos, diferenciando entre a familia de vento, corda e percusión. Traballamos a linguaxe musical moitas veces de maneira intuitiva e con notación non convencional.

Nos cursos medios continuamos traballando a expresión musical en diversas facetas: canto, expresión instrumental mediante a iniciación aos instrumentos de placas, avanzamos nos elementos básicos da notación convencional, discriminamos visual e auditivamente instrumentos de percusión de pel, madeira e metal, instrumentos de corda fretada e punteada, e instrumentos de vento- madeira e metal e realizamos danzas.

Tamén fixemos introdución aos tipos de voces e expresión de sentimentos a través da música.

Por último fixemos tamén traballo de audición activa de fragmentos musicais de distintos compositores.

Nos cursos máis altos, avanzamos no estudo e uso da linguaxe musical. Traballamos a discriminación dos timbres das principais familias de instrumentos. Traballamos tamén a escritura non convencional e fixemos unha iniciación á escritura convencional, realizamos audicións activas de diferentes estilos musicais, interpretaron cancións coa voz e con instrumentos, puxeron en práctica o seu sentido crítico á hora de percibir unha obra musical, realizamos danzas e traballaron a creatividade sendo creadores e creadoras das súas obras musicais. Ao igual que nos demais cursos, aproveitamos as características da actividade musical para traballar obxectivos actitudinais, aos que demos moita importancia: o traballo colectivo, o esforzo individual para o logro común, o respecto aos compañeiros...

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Foi importante realizar un traballo extra en relación á motivación para participar nas actividades e xogos. Nestes últimos tempos, está resultando difícil motivar @s nen@s á hora de realizar xogos ou actividades que esixan algo de esforzo ou repetición (por exemplo preparar unha danza, unha canción con acompañamento instrumental...).



Utilicei estratexias metodolóxicas adaptadas ao grupo-clase con actividades variadas e motivadoras, formulándoas claramente e resolvendo as dúbidas plantexadas para que o seu desenvolvemento fose efectivo.

Fomentei a participación do alumnado en todas as tarefas, intentando que se sentisen responsables do seu traballo, tanto individual como colectivo con outros compañeiros/as.

A maioría das actividades resultaron asequibles para os nenos/as. As que non foron así, foron modificadas no momento da súa realización ou de non ser posible no momento, modificáronse para unha seguinte sesión.

Fixemos distintos agrupamentos e utilizamos unha gran variedade de materiais e recursos, intentando que todos os nenos/as interactuasen entre si, favorecendo así as relacións sociais entre eles/as e tamén comigo.

O obxectivo dende a área de música sempre foi seguir traballando e reforzando os contidos xa dados co fin de continuar no desenvolvemento das competencias e destrezas musicais dos nenos/as dentro das súas posibilidades.

D) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

Aínda que sempre todo é mellorable, o único punto que podería destacar sería as sesións de música que se perden por diversas circunstancias.

Ao ser só unha á semana, se perden un día perden unha semana enteira.

Por iso, aínda que a maioría das veces puiden amañar, hai outras que non sei con antelación que van suceder e non me dá tempo a cambiar a sesión ou buscar algún outro momento no que poder impartila. Sei que moitas veces é complicado, pero agradecería moito poder sabelo con tempo suficiente.

E) Avaliación da práctica docente.

A avaliación da práctica docente neste curso foi satisfactoria. Habendo pequenos aspectos que poden ser mellorables, tanto a nivel programación como actividades, metodoloxía... foron bastante ben recibidos, traballados, entendidos e avaliados.



F) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Aínda que durante o curso imos traballando as actividades con música e xogos relacionados coas datas que estamos traballando (Samaín, Nadal, o proxecto do centro...) hai outras actividades complementarias que enriquecen a aprendizaxe. Este curso foron:

Durante a semana da música (do 21 ao 25 de novembro), a casa da cultura do concello de Valdoviño ofreceunos varios concertos didácticos:

Os nenos/as de educación infantil, 1º e 2º de primaria foron ao espectáculo "A fiestra dos soños" de Magín Blanco.

Os nenos/as de 5º e 6º asistiron ao concerto "Píscore".

Polo entroido, adicado aos anos 70 (xa que estabamos coa celebración do 50 aniversario do centro) algunhas aulas prepararon diversas comparsas que foron gravadas e cantadas ese mesmo día.

Como é tradicional na festa dos maios, @s nen@s do cole cantaron as tradicionais cantigas dos maios que levan cantando dende hai moitos anos.

Este curso, @s nen@s de 6º de primaria foron de novo os encargados de dirixir as cancións durante o momento do festival, a modo de despedida de etapa para darlles un pouquiño de protagonismo.

Ademais este curso, engadimos nen@s de 5º de primaria e de 4º da ESO para acompañar as cancións con pandeiretas.

Na festa de fin de curso, gozaron do concerto de Pablo Díaz.

G) Principais conclusións:

Como conclusión final, foi un curso intenso de moito traballo pero creo que mereceu a pena. Penso que os grupos vanse acostumando ao ritmo de traballo e pouco a pouco conseguiremos ir desenvolvendo ao máximo todas esas capacidades que teñen @s pequen@s, favorecendo a súa creatividade e aprendendo música dun xeito lúdico, inculcando o gusto por ela para que xunt@s a poidamos disfrutar e aprender ao máximo. Aínda que sempre quedan cousiñas por mellorar, valoro moi positivamente este curso.